

BOB DYLAN FLOTANDO NO VENTO: DO CANTO RODADO Á MOZA DO NORTE

Claudio Rodríguez Fer

O cantautor máis importante mundialmente e tamén para min durante a miña adolescencia foi sen dúbida Bob Dylan. Literariamente conectado co poeta galés Dylan Thomas e coa poesía *beat* norteamericana, caracterizouse por facer un moi persoal folk seguidor de Woody Guthrie (a quen dedicou a xuvenil “Song to Woody”) e influído polo *blues*, polo *country* e polo rock. Aquel xograr crítico e rebelde que se converteu nun mito presentándose tan só coas súas cancións e coa súa guitarra parecía ter un nimbo de fresca autenticidade inconformista e inalienable fronte ao venal panorama da música comercial, ou, polo menos, así o percibín eu cando escoitei o seu primeiro fito internacional, “Blowin’ in the wind”, canción chea de interrogantes contestatarios:

How many roads must a man walk down
before you call him a man?
Yes, ‘n’ how many seas must a white dove sail
before she sleeps in the sand?
Yes, ‘n’ how many times must the cannon balls fly
before they’re forever banned?
The answer, my friend, is blowin’ in the wind,
the answer is blowin’ in the wind.

Efectivamente, os tempos estaban cambiando, como puxo en evidencia na testemuñal canción “The times they are a-changin’”, e a súa música foi unha compañía permanente naquel proceso de mudanza mental da xuventude dos anos sesenta e setenta, moi a miúdo producido ao son da peculiar voz que cantaba “Mr. Tambourine man” ou que protestaba contra os “Masters of War”. Destas cancións omnipresentes na miña mocidade eu prefería vital e musicalmente “Like a rolling stone”, co seu inesquecible refrán, tantas veces cantado ou escoitado camiñando polo campo ou viaxando pola estrada:

How does it feel,
how does it feel,
to be on your own
with no direction home,
like a complete unknown,
like a rolling stone?

As composicións “Blowin’ in the wind” e “Like a rolling stone” foron habitual música de fondo nos anos de loita antifascista da miña mocidade e, en consecuencia, do meu poema “Como un canto rodado (Flotando no vento)”, publicado xa varias veces en galego e en castelán e pertencente á obra inédita *A muller sinfonía (Cancioneiro vital)*. Este poema foi escrito en

homenaxe aos estudantes liquidados polo franquismo e está concretamente inspirado polos que pereceron durante a transición á democracia, cando eu puideron ter sido un deles, porque, en realidade, facía o mesmo que os que asasinaron: manifestarme pacificamente contra a ditadura e realizar pintadas reivindicativas de xustiza e liberdade.

COMO UN CANTO RODADO
(FLOTANDO NO VENTO)

like a complete unknown,
like a rolling stone?
Bob Dylan, "Like a rolling stone"

the answer is blowin' in the wind
Bob Dylan, "Blowin' in the wind"

A Sixto Aguirre Garín
e a todos os estudantes asasinados
polo franquismo dende 1936

Esquecín os nomes de todos os reis godos,
os máis de cen símbolos químicos
da táboa periódica dos elementos perigosos,
os dezanove modos válidos do siloxismo inútil,
os principios fundamentais do movemento inmóbil,
apenas me lembro do principio de Arquímedes
ou do teorema de Pitágoras
cando o poder nos ocupa desaloxando
aos libres hipotenusa arriba,
mais non esquecín nunca
os solidarios nomes estudantes
de Carlos González Martínez
e Arturo Ruiz García simplemente,
suspendidos a tiros para sempre
no Madrid en transición á nada,
flotando no vento da historia,
como un canto rodado.

Esquecín o título de todos os cadros
dos artistas de cámara e de corte,
pero non o que poñía a pintada
que non puido terminar baleado
Francisco Javier Verdejo Lucas
cal poema escrito contra un muro
de Almería candealmente inconcluso,

flotando no vento da historia,
como un canto rodado.

Esquecín o referendo que aprobou
a reconversión do franquismo
dende dentro da caverna,
pero non que ese mesmo día
foi reprimida en Madrid a disidencia
de Ángel Almazán Luna, morto
a golpes de uniformado poste,
flotando no vento da historia,
como un canto rodado.

Esquecín a nomenclatura das néboas
e o nivel de humidade dos aerosois,
pero aínda me fai chorar o fume do bote
policial que matou a María Luz Nájera
manifestándose sen antes repasar
o exame de meteoroloxía fascista
con risco de precipitación de gases,
flotando no vento da historia,
como un canto rodado.

Esquecín antes o nome das illas
canarias que o dos canarios
Bartolomé García Lorenzo
e Javier Fernández Quesada
ou o das provincias vasconavarras
que o de Javier Escalada Navaridas
e José Luis Aristizabal Lasa,
pero nunca que os mataron nelas;
por iso digo os nomes e os lugares
que os fan un a un revivir únicos
como en min cada un deles segue sendo,
flotando no vento da historia,
como un canto rodado.

Esquecín as armas e os uniformes
dos sanguinarios lacaios da Ditadura,
pero nin por un momento arrebolado
a Enrique Ruano voando dende a fiestra
mentres comía sirenas e bebía bengalas
como todos aqueles alumnos de esperanza
que xa eran profesores de futuro,

flotando no vento da historia,
como un canto rodado.

Que absurdo non ter morto con vós,
poetas sen rima e sen medida,
eu que puiden ser calquera
se o azar non quixera
que escribise este poema,
flotando no vento da historia,
como un canto rodado.

Acaso eles foron os verdadeiros poetas
do meu tempo, para sempre
flotando na nosa memoria,
como cantos rodados,
onde o fascio nunca tivo dominio.

Boa parte do cambio mental da mocidade sintonizaba tamén coa erótica dylaniana, patente en cancións como “Just like a woman” e “I want you”, ambas inspiradas pola cantante Joan Baez, durante un tempo compañeira de vida e de carreira do cantautor. Tal erotismo acabou chegando a un expresivo e fascinante fonosimbolismo na xa posterior canción “Lay lady lay”:

Lay, lady, lay, lay across my big brass bed.
Lay, lady, lay, lay across my big brass bed.
Whatever colors you have in your mind,
I'll show them to you and you'll see them shine.

Lay, lady, lay, lay across my big brass bed.
Stay, lady, stay, stay with your man awhile.
Until the break of day, let me see you make him smile
his clothes are dirty but his hands are clean
and you're the best thing that he's ever seen.

Así mesmo, na miña xuventude gustábanme moito os seus *blues*, como os preciosos “It's all over now baby blue” e “Subterranean homesick blues”, así como a excelente peza “All along the watchtower”, a reivindicativa canción antirracista “Hurricane” e os aires *country* de “Forever young”. E encantoume o gran acerto onomatopeico que foi “Knockin' on heaven's door”, canción tantas veces versionada e que sempre lembrarei viaxando en tren polos Estados Unidos:

Mama, take this badge off of me
I can't use it anymore.
It's gettin' dark, too dark for me to see
I feel like I'm knockin' on heaven's door.

Knock, knock, knockin' on heaven's door.
 Knock, knock, knockin' on heaven's door.
 Knock, knock, knockin' on heaven's door.
 Knock, knock, knockin' on heaven's door.

Mama, put my guns in the ground
 I can't shoot them anymore.
 That long black cloud is comin' down
 I feel like I'm knockin' on heaven's door.

Dylan, obxecto de numerosos libros e reiteradamente proposto ao Premio Nobel de Literatura, en recoñecemento da altura poética das súas letras, ata que o obtivo en 2016, foi a personalidade de referencia no folk do seu tempo. Mais, así mesmo, foi quen máis decisivamente fusionou o folk co rock, como testemuñan as súas contestadas presentacións eléctricas dos anos sesenta, por exemplo no Festival Folk de Newport. Agora ben, a súa traxectoria estivo pragada deste tipo de escándalos e decepcións para os seus seguidores, pois, malia ser xudeu de orixes ucraínas e lituanas (chámase Robert Allen Zimmerman, en hebreo Shabtai Zisel ben Avraham), converteuse ao cristianismo nos anos setenta e cultivou *gospel* nesta liña relixiosa, como poñen en evidencia as cancións “Gotta serve somebody” e “Man gave names to all the animals”, esta de moi fermosa melodía.

A verdade é que dende o seu primeiro álbum, publicado en 1962, no que gravou unha versión da canción popular “House of the rising sun”, Dylan mantivo unha traxectoria verdadeiramente sólida xa durante os anos sesenta, como revelan os seus discos *The freewheelin'* e *The times they are a-changin'* (os máis folk e comprometidos). Tras eles foise distanciando do folk cara a instrumentación eléctrica e a temática íntima (*Another side, Bringing it all back home, Highway 61 revisited*). Este proceso levouno ao blues e ao jazz, a miúdo con sensibilidade erótica, en *Blonde on blonde*. Logo veu a súa inmersión no country, que cultivou reiteradamente (*John Wesley Harding, Nashville skyline* e mesmo o moi serodiamante publicado *The basement tapes*).

En 1970 proseguíu coa mesma liña country (*Self portrait, New morning*), publicando nesta mesma década diversos álbums de madurez (o cinematográfico *Pat Garrett and Billy the Kid*, o rockeiro *Planet waves* e o moi persoal *Blood on the tracks*, seguidos por *Desire* e *Street legal*). A súa conversión ao cristianismo, que motivou a introdución do *gospel* xa dende 1979 (*Slow train coming*), acusouse na temática relixiosa cultivada na década dos oitenta (*Saved, Shot of love, Infidels*), aínda que Dylan volveu producir obras máis descondicionadas neste decenio (*Empire burlesque, Knocked out loaded, Down in the groove, Oh mercy*). Nos anos noventa, tras *Under the red sky*, retornou á pureza do folk (*Good as I been to you, World gone wrong, Time out of mind*), continuando con vigor nos dous mil (*Love and theft, Modern times, Together through life*), malia a súa interpretación de vilancicos tradicionais con fin humanitaria (*Christmas in the heart*). Nos anos dous mil dez lembrou a traxedia do afundimento do Titanic e homenaxeou e intertextualizou a John Lennon no novidoso álbum *Tempest* e gravou dous compilatorios de composicións anteriormente cantadas por Frank Sinatra (*Shadows in the night* e *Fallen angels*).

Foi moito dende logo o que escoitei a Bob Dylan dende que fatiguei o seu álbum de *Greatest hits* de 1967 ata que escoitei os seus diversos directos individuais e colectivos (como o concerto humanitario en favor de Bangla Desh), así como as múltiples homenaxes recibidas a cargo de moi numerosos artistas. Moito tamén foi o que o vin en documentais, como o que lle dedicou o director Martin Scorsese, así como en todos os filmes que interpretou como actor ou no que foi recreado como personaxe, entre os que dende logo salienta a interesante encarnación do cantautor efectuada pola actriz Cate Blanchett.

Mais xa dende adolescente escoitei tamén moito aos seus versionadores dos anos sesenta: o trío Peter, Paul and Mary; o conxunto Byrds e as cantantes Judy Collins, Melanie e, sobre todo, Joan Baez, a súa compañeira de actuacións públicas e de vida privada a mediados dos anos sesenta. Ademais, Joan Baez gravaría todo un disco con composicións súas (*Any day now*), aínda que logo lle dedicaría unha canción instándoo a baixar do pedestal onde acabou situándose e a sumarse á xente que loita polo que el loitara nos seus comezos (“To Bobby”). Non obstante, nos anos setenta, Joan Baez volveu participar en xiras con Dylan, actuou no seu filme *Renaldo e Clara* e gravou “Diamonds & rust” precisamente en lembranza da súa relación persoal. “Blowin’ in the wind” foi quizais a súa versión de Dylan que máis se divulgou, aínda que a min a que máis me gustou foi a de “Farewell Angelina”.

En calquera caso, entre as numerosísimas composicións de Bob Dylan, encantoume dende o principio a xuvenil e moi temperá “Girl from the North Country”, peza folk de aire country influenciada pola moi versionada canción tradicional inglesa “Scarborough Fair” (esta popularizada cinematograficamente polo dúo Simon and Garfunkel no filme *The Graduate*). E das numerosas versións de “Girl from the North Country”, a que máis me gustou foi a do duto efectuado por Dylan e Johnny Cash, aínda que tamén fosen moi suxestivas as versións de ambos cantautores en solitario, así como as feitas por Joe Cocker, Rod Stewart e outros moitos cantantes. A súa letra é sinxela e vital:

Well, if you’re travelin’ in the north country fair
where the winds hit heavy on the borderline,
remember me to one who lives there,
she once was a true love of mine.

Well, if you go when the snowflakes storm,
when the rivers freeze and summer ends,
please see if she’s wearing a coat so warm
to keep her from the howlin’ winds.

Please see for me if her hair hangs long,
if it rolls and flows all down her breast.
Please see for me if her hair hangs long,
that’s the way I remember her best.

I’m a-wonderin’ if she remembers me at all,
many times I’ve often prayed,

in the darkness of my night,
in the brightness of my day.

Mais, finalmente, tan inefable “Girl from the North Country” volveu a miña vida e a miña obra, andando o tempo, cando escribín o poema “A moza do Norte”, tamén editado xa varias veces en galego e en castelán e así mesmo pertencente ao citado poemario inédito *A muller sinfonía (Cancioneiro vital)*, tras o que nada podería engadir:

A MOZA DO NORTE

she once was a true love of mine
Bob Dylan, “Girl from the North Country”

Cando viaxes ao Norte
sentirás pasar ao seu corpo
a beleza da foresta fresca
e a chuvia sutilmente murmurante
aos líquidos do amor que renace.

Cando viaxes ao Norte
verás plantas nos ollos
en fotosíntese da vida
medrando como selvas
salvaxes e verdes.

El ven de procedencia Liberdade
e ten como destino Liberdade.

Ela crese unha moza orquestra
pero xa é a muller sinfonía.

No Norte beberante a vida
para sempre nunha alquimia
que funda a materia de mañá
coa materia de maná
dos alimentos amantes.

No Norte non terás nada que poñerte
e poñeraste feliz como un coral milenario
porque só precisarás todo o universo
caendo en cascada cabeleira abaixo
para ser o cosmos na súa boca núa.



» Bob Dylan / Ilustración de Sara Lamas